




XUGeX

III Xornada Universitaria Galega
en Xénero



III Xornada Universitaria Galega
en Xénero



Trazos de xénero no século XXI



XUGeX

III Xornada Universitaria Galega
en Xénero

Trazos de xénero no século XXI

Pontevedra, 5 de xuño 2015

Edición a cargo de
Anabel González Penín, Ana Jesús López Díaz, Eva Aguayo Lorenzo

2015
Universidade de Vigo
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela

Xornada Universitaria Galega en Xénero (3ª.2015.Pontevedra)

Trazos de xénero no século XXI /cIII Xornada Universitaria Galega en Xénero XUGeX, Pontevedra, 5 de xuño 2015 ; edición a cargo de Anabel González Penín, Ana Jesús López Díaz, Eva Aguayo Lorenzo

Vigo : Universidade de Vigo,|c2015

1 disco compacto (CD-ROM) ;|c12 cm

D.L. VG. 621-2015. -- ISBN 978-84-8158-694-7

1. Igualdade de xénero -- Congresos 2. Mulleres -- Traballo -- Congresos 3. Discriminación sexual no emprego -- Congresos
4. Mulleres -- Condicións sociais -- Congresos I. González Penín, Anabel, ed. lit. II. López Díaz, Ana Jesús, ed. lit. III. Aguayo Lorenzo, Eva, ed. lit. IV. Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

© Universidade de Vigo, 2015

© Universidade da Coruña, 2015

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Promove

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña

Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela

Edición técnica

Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións

http://publicacions.uvigo.es/publicacions_gl/

Universidade de Vigo

Deseño e maquetación

Mabel Aquayo, CB

DL: VG 621-2015

ISBN 978-84-8158-694-7

Presentación

A realización da terceira edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero (III XUGeX) consolida esta reunión científica como un foro de encontro e intercambio do persoal docente e investigador do Sistema Universitario Galego e consolida tamén a colaboración das tres Oficinas/Unidade de Igualdade que se revela como a mellor forma de contribuír a remover os obstáculos que siguen impedindo a igualdade real entre as mulleres e os homes que conforman as nosas comunidades universitarias.

Despois da súa realización en Santiago e en Ferrol, nesta edición de 2015 Pontevedra actuou como anfitrión dunha xornada que naceu con vocación multidisciplinar e inclusiva: inclusión do persoal docente e investigador de todas as áreas e ámbitos de coñecemento, inclusión dos homes e das mulleres e inclusión da Universidade e a cidadanía para avanzar na consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

A III XUGeX trazou a relevancia da dimensión xénero no progreso da humanidade e afondou nas causas das desigualdades, centrando o debate en tres grandes áreas temáticas: Xénero e desenvolvemento sostible, Corpos e corporalidades en crise e Violencia de xénero: persistencia e novas formas. Esta publicación recolle as comunicacións e os relatorios que contribuíron ao debate. O interese e participación nos coloquios dá conta da importancia que estas reunións científicas teñen para seguir avanzando en mellorar a vida de todas as persoas.

Dende o comité organizador queremos, finalmente, agradecer a todo o persoal docente e investigador que presentou comunicación, ao comité científico, ás coordinadoras de mesa e ponentes, á conferenciante inaugural, Verania Chao Rebolledo do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento e, en definitiva, a todas as persoas que fixeron posible esta Xornada, a súa presenza e a súa colaboración inestimable.

O comité organizador

Verónica Baldomir Pardiñas

Bibliografía

- Adichie, Chimamanda Ngozi (2013): *Americanah*, Fourth Estate, Londres.
- Appiah, K. Anthony y Gutmann, Amy (1996): *Color-Conscious: The Political Morality of Race*, Princeton University Press, Princeton, N.J.
- Bordo, Susan (2003): *Unbearable Weight: Feminism, Western Culture, and the Body*. University of California Press, Berkeley.
- Byrd, Ayana D. y Tharps, Lori L. (2014) : *Hair Story : Untangling the Roots of Black Hair in America*, St. Martin's, Nueva York. Kindle.
- Collins, Patricia Hill (2000): *Black Feminist Thought: Knowledge, Consciousness, and the Politics of Empowerment*, 2ª ed., Routledge, Nueva York.
- Craig, Maxine Leeds (2002): *Ain't I a Beauty Queen?: Black Women, Beauty and the Politics of Race*, Oxford University Press, Oxford. Kindle.
- Du Bois, W.E.B. (1986): *The Souls of Black Folk*, en Du Bois, W.E.B: *Writings*, Library of America, Nueva York, (357-547).
- Fanon, Frantz (2007): *Black Skin, White Masks*. Philcox, Richard traductor, Grove, Nueva York.
- hooks, bell (1992): *Black Looks: Race and Representation*, South End Press, Boston.
- hooks, bell (2013): *Writing Beyond Race: Living Theory and Practice*, Routledge, Nueva York.
- Smith, Barbara (2001): "Toward a Black Feminist Criticism", en Bobo, Jacqueline: *Black Feminist Cultural Criticism*, Blackwell, Malden, (7-23).
- Walker, Alice (2011): *In Search of Our Mothers' Gardens: Womanist Prose*, Kindle, Phoenix.
- West, Cornell (1994): *Race Matters*, Vintage, Nueva York.

A dificultade da muller para deixar de fumar

López Durán, Ana
Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía Clínica y Psicobioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
ana.lopez@usc.es

Martínez Vispo, Carmela
Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía Clínica y Psicobioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
carmela.martinez@usc.es

Fernández del Río, Elena
Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía e Socioloxía
Universidade de Zaragoza
elenario@unizar.es

Martínez Pradedá, Úrsula
Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía Clínica y Psicobioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
ursula.martinez@usc.es

Piñeiro Neiro, Bárbara
Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía Clínica y Psicobioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
barbara.pineiro@usc.es

Becoña Iglesias, Elisardo
Unidad de Tabaquismo e Trastornos Aditivos
Departamento de Psicoloxía Clínica y Psicobioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
elisardo.becona@usc.es

Resumo

Nos últimos anos estase rexistrando un incremento do consumo de tabaco entre as mulleres, así como unha maior demanda de tratamento para deixar de fumar superando xa aos homes.

A finalidade do estudo foi analizar en mulleres a influencia da presenza de determinados patróns de personalidade nos resultados dun tratamento para deixar de fumar (ao final do tratamento e no seguimento de 12 meses). A mostra estivo formada por 170 mulleres que recibiron un tratamento psicolóxico cognitivo-condutual para deixar de fumar na Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Os patróns de personalidade foron avaliados co Inventario Clínico Multiaxial de Millon-III (MCMI-III). A abstinencia ao final do tratamento e no seguimento dos 12 meses foi avaliada coa medición do monóxido de carbono en aire espirado.

Ao final do tratamento 104 mulleres (61,2%) deixaron de fumar. Os resultados amosaron que as mulleres que presentan un patrón de personalidade esquizoide teñen unha maior probabilidade de ser dependentes da nicotina.

Respecto ao abandono do consumo de tabaco, ao final do tratamento era menos probable que deixaran de fumar aquelas mulleres que puntuaban alto no patrón esquizoide (o que se caracteriza por non necesitar do reforzo social). Sen embargo, aos 12 meses de seguimento ningún patrón de personalidade resultou significativo para explicar a abstinencia a longo prazo.

A variable clave para predicir os resultados de abstinencia ao final e aos 12 meses de seguimento foi a dependencia da nicotina. Aquelas que tiñan unha maior dependencia da nicotina antes de empezar o tratamento era menos probable que conseguisen deixar de fumar.

Estes resultados indican a necesidade de continuar investigando a necesidade de deseñar tratamentos para deixar de fumar específicos/adaptados ás diferentes características que presentan homes e mulleres.

Palabras clave

Muller, tabaco, personalidade, tratamento psicolóxico.

Introdución

Fumar é a primeira causa evitable de mortalidade y morbilidad no mundo (U.S. Department Health and Human Services, 2014). En España, a mortalidade atribuíble ao consumo de tabaco sitúase nas 50.000 persoas ao ano (Montes et al., 2004) e aínda que se observa unha diminución respecto aos anos previos, no caso das mulleres o número de falecementos asociados ao consumo de tabaco aumentou (Banegas et al., 2011). Segundo a Enquisa Nacional de Saúde (Ministerio de Sanidad y Servicios Sociales, 2013), o 23,95% da poboación de 15 ou máis anos afirma que fuma a diario, dos cales un 27,9% son homes e un 20,2% mulleres. Pero, aínda que a porcentaxe de mulleres que fuma segue sendo inferior, o consumo de tabaco nos homes está a diminuír mentres que nas mulleres está a aumentar (Plan Nacional sobre Drogas, 2015).

Ademais, son máis as mulleres que neste momento están a demandar tratamento para deixar de fumar. En concreto, dende o ano 2009 ata a actualidade recibiron tratamento para deixar de fumar na Unidade de Tabaquismo da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela un total de 749 persoas, das cales un 57% foron mulleres. Polo tanto, nos últimos anos está medrando a necesidade de investigar sobre as diferenzas entre homes e mulleres á hora de deixar de fumar dadas as importantes repercusións que, en xeral, ten para a saúde esta conduta e, en particular, na poboación feminina.

A mortalidade por cancro de pulmón en mulleres xa é superior á do cancro de peito en países como Inglaterra onde este incremento do consumo de tabaco nas mulleres tivo lugar antes. Atopouse que cun consumo de tabaco inferior ao dos homes, as mulleres teñen máis probabilidades de ter cancro de pulmón (Pirie et al., 2013). Por outra banda, fumar ten consecuencias negativas en áreas de saúde específicas das mulleres: problemas de fertilidade, reprodutivos, incremento do risco de cancro de cérvix e anticipación da menopausia (Nerín y Jané, 2007).

O tratamento do tabaquismo que se leva a cabo na Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos denomínase *Programa para Deixar de Fumar* de Becoña (2007). Trátase dun tratamento psicolóxico cognitivo condutual para deixar de fumar, que se ven realizando dende fai 30 anos na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Aínda que no eido científico as diferenzas por xénero respecto ás repercusións para a saúde que ten o tabaco foron analizadas en múltiples ocasións, os estudos sobre os resultados do tratamento en mulleres son inferiores (dado que o incremento da

Ana López Durán, Carmela Martínez Vispo, Elena Fernández del Río, Úrsula Martínez Pradedo, Bárbara Piñeiro Neiro, Elisardo Becoña Iglesias

demanda de tratamento é recente). O mesmo sucede no caso dos estudos que avalían as características de personalidade. Trátase dunha liña de traballo novedosa. Nestes últimos anos, diversas publicacións centráronse na análise da relación entre os patróns de personalidade, dende diferentes modelos teóricos, e fumar cigarrillos.

Unha parte de tal investigación dedicouse a describir que patróns de personalidade se atopan máis frecuentemente nos fumadores (Malouff et al., 2006), e o grado en que certos rasgos de personalidade se relacionan co éxito ou fracaso en deixar de fumar e manter a abstinencia (Cosci et al., 2009; Fernández del Río et al., 2010; Hooten et al., 2005). Segundo Nieva et al. (2011), que levaron a cabo a súa análise no contexto do modelo dos cinco factores, o xénero dos fumadores xoga unha función clave para explicar a recaída, xa que en homes está relacionada cunha puntuación alta en Impulsividade, mentres que nas mulleres o está cunha puntuación alta en Sociabilidade. Ademais, sinalan a necesidade de avaliar os resultados do tratamento para deixar de fumar e a relación entre dependencia da nicotina, personalidade e xénero. É necesario incluír a variable dependencia da nicotina xa que se trata dunha das variábeis que mellor predicen os resultados tanto ao final do tratamento como nos seguimentos. Os fumadores máis dependentes da nicotina teñen máis dificultades para deixar de fumar e os menos dependentes teñen unha maior probabilidade de conseguilo.

O obxectivo do presente estudo é analizar os resultados dun tratamento psicolóxico para deixar de fumar en mulleres tendo en conta a influencia dos patróns de personalidade e a dependencia da nicotina.

Método

A mostra estivo formada por 170 mulleres fumadoras que demandaron tratamento para deixar de fumar na Unidade de Tabaquismo e Trastornos Aditivos na Facultade de Psicología na Universidade de Santiago de Compostela. Os criterios de inclusión foron: ter 18 anos de idade ou máis; desexo de participar no programa de tratamento; e fumar un mínimo de 10 cigarrillos ao día. Os criterios de exclusión foron: presenza de diagnóstico de trastorno mental grave (trastorno bipolar e/ou trastorno psicótico); dependencia concorrente doutras substancias diferentes á nicotina; ter participado no mesmo tratamento ou similar no ano anterior; ter recibido outro tipo de tratamento eficaz para deixar de fumar (terapia substitutiva da nicotina, bupropion, vareniclina) no ano previo; sufrir unha patoloxía física cun alto risco para a vida que requiriría unha intervención individual inmediata (e.g., infarto de miocardio recente); fumar outro tipo de tabaco diferente ós cigarrillos (puros, puritos, tabaco de liar); rexeitar ser gravado en vídeo durante as sesións; e non asistir a primeira sesión de tratamento.

Tódalas fumadoras foron avaliadas co Cuestionario sobre o Hábito de Fumar (*Cuestionario sobre el hábito de fumar*, Becoña, 1994), o cal recolle información de variábeis sociodemográficas (xénero, idade) e sobre a conduta de fumar (o número de cigarrillos fumados pre-tratamento). Para a avaliación dos patróns de personalidade utilizamos o Inventario Clínico Multiaxial de Millon-III (MCMI-III); adaptación española de Cardenal et al. (2007). Os patróns de personalidade avaliados son: Esquizoide, Evitativo, Depresivo, Dependente, Histriónico, Narcisista, Antisocial, Sádico (Agresivo), Compulsivo, Negativista (Pasivo-Agresivo), Masoquista (Auto-destrutivo), Esquizotípico, Límite e Paranoide. Para a avaliación da dependencia da nicotina utilizamos a *Proba para Dependencia de Nicotina de Fagerström* (FTND; Heatherton, Kozlowski, Frecker y Fagerström, 1991). Utilizamos o Micro+ Smokerlyzer® (Bedfont Científico Ltd, Sittingbourne, Inglaterra) para medir o monóxido de carbono en aire espirado, co fin de corroborar a abstinencia autoinformada dun xeito obxectivo ao final do tratamento e no seguimento dos 12 meses.

O tratamento cognitivo-condutual aplicado foi o Programa para Deixar de Fumar (*Programa para Dejar de Fumar*; Becoña, 2007). Está composto por seis sesións, aplicado en formato de grupo. Os compoñentes do programa son: contrato terapéutico, autoinforme, e representación gráfica do consumo de cigarrillos, información xeral acerca do tabaco, redución gradual da inxestión de nicotina e alcatrán, control de estímulos, actividades para evitar o síndrome de abstinencia da nicotina, retroalimentación fisiolóxica do consumo de cigarrillos, e estratexias de prevención da recaída (asertividade, solución de problemas, modificación de crenzas erróneas, control da ansiedade e a ira, exercicio físico, control do peso e apoio social). Despois de finalizar o tratamento realizáronse seguimentos presenciais aos 12 meses. Adoptouse o criterio de West et al. (2005) para a prevalencia da abstinencia ao final do tratamento (non fumar nas últimas 24 horas, CO < 10 ppm) e para a abstinencia continua aos 12 meses (non fumar, nin sequera unha calada, dende o final do tratamento, CO < 10 ppm). No seguimento, naqueles casos nos que non foi posíbel localizar as participantes, foron consideradas fumadoras ao mesmo nivel (en termos de número de cigarrillos e contido de nicotina) que cando foron avaliadas antes do tratamento.

Resultados

As participantes (N = 170) fumaban unha media de 20,75 cigarrillos/día (DT = 7,99), obtendo unha puntuación media no FTND de 5,16 (DT = 2,07). Os patróns de personalidade avaliados co MCMI-III máis frecuentes foron o Compulsivo, Histriónico e Narcisista.

Respecto á relación entre patróns de personalidade e dependencia da nicotina realizamos unha correlación bivariada entre os 14 patróns de personalidade que avalía o MCMI-III e as puntuacións no FTND. Atopamos que a presenza de dependencia de nicotina está relacionada positivamente cos patróns Esquizoide ($r = 0,17$; $p < 0,05$), Sádico (Agresivo) ($r = 0,16$; $p < 0,05$), Negativista ($r = 0,16$; $p < 0,05$) e Paranoide ($r = 0,16$; $p < 0,05$); mentres que aparece unha relación negativa co patrón Histriónico ($r = -0,16$; $p < 0,05$). Non atopamos ningunha relación entre o número de cigarrillos/día e os patróns de personalidade.

En canto a relación entre patróns de personalidade e resultados de tratamento, deixaron de fumar ao final do tratamento 104 mulleres (61,2%), atopándose diferenzas só no patrón Esquizoide ($t = -2,18$; $p < ,05$), sendo aquelas que non deixaron de fumar ao final do tratamento as que puntuaron máis alto nesta escala. No seguimento de 12 meses non se atoparon diferenzas significativas entre as participantes que se manteñen abstinentes e as que fuman en función da presenza de patróns de personalidade.

Realizamos unha análise de regresión loxística para coñecer os patróns de personalidade que predicen deixar de fumar e o mantemento da abstinencia, tomando como variábeis predictoras as puntuacións nos patróns de personalidade segundo o MCMI-III, axustado aos niveis de dependencia da nicotina (baseado nas puntuacións iniciais no FTND). A variábel criterio era "abstinencia" ao final do tratamento e no seguimento aos 12 meses (1 = Si, 0 = Non). Tanto ao final do tratamento coma aos 12 meses, ningún dos 14 patróns de personalidade predixeron a abstinencia, e tan só a dependencia da nicotina (FTND) aparece como variábel predictor.

Conclusións

Os resultados do presente estudo apuntan que as mulleres con maior dependencia da nicotina teñen unha menor probabilidade de deixar de fumar. Ó final do tratamento é máis probable que as mulleres non dependentes da nicotina deixaran de fumar e que se mantiveran abstinentes aos 12 meses.

O patróns de personalidade máis prevalentes entre as mulleres que demandaron tratamento foron o Compulsivo, Histriónico e Narcisista. Pero o único que resultou significativo para explicar os resultados ao final do tratamento foi o Esquizoide, xa que as que presentan este patrón é máis difícil que deixen de fumar.

Consideramos que é preciso continuar analizando a relación entre muller e tabaco dadas as importantes consecuencias que ten o tabaquismo para a súa saúde e cali-

dade de vida. Esta investigación debería ir dirixida á mellora e deseño de tratamentos específicos/adaptados ás diferentes características que presentan homes e mulleres tal e como propoñen Berlín et al. (2003). Ao mesmo tempo non nos debemos esquecer de incrementar a motivación das mulleres máis novas para deixar de fumar antes de que aparezan problemas de saúde importantes.

Bibliografía

Banegas, José R., Díez-Gañán, Lucía, Bañuelos-Marco, Beatriz, González-Enríquez, Jesús, Villar-Álvarez, Fernando, Martín-Moreno, José M., ... Jiménez-Ruiz, Carlos (2011). *Mortalidad atribuible al consumo de tabaco en España en 2006*. *Medicina Clínica*, 136, 97-102.

Becoña, Elisardo (1994). Evaluación de la conducta de fumar. En José Luis Graña (Ed.): *Conductas adictivas: teoría, evaluación y tratamiento* (pp. 403- 454). Madrid: Debate

Becoña, Elisardo (2007). *Programa para Dejar de Fumar*. Vigo, España: Nova Galicia Edicións.

Berlin, Ivan, Singleton, Edward G., Pedarriosse, Anne-Marie, Lancrenon, Sylvie, Rames, Alexis, Aubin, Henri-Jean y Niaura, Raymond (2003). The modified reasons for smoking scale: Factorial structure, gender effects and relationship with nicotine dependence and smoking cessation in French smokers. *Addiction*, 98, 1575–1583.

Cosci, Fiammetta, Corlando, Annalisa, Fornai, Edo, Pistelli, Francesco, Paoletti, Paolo y Carozzi, Laura (2009). Nicotine dependence, psychological distress and personality traits as possible predictors of smoking cessation. Results of a double-blind study with nicotine patch. *Addictive Behaviors*, 34, 28–35.

Fernández del Río, Elena, Becoña, Elisardo y López, Ana (2010). Trastornos de personalidad en fumadores y no fumadores de la población general. *Behavioral Psychology*, 18, 241–258.

Heatherton, Todd F., Kozlowski, Lynn T., Frecker, Richard C. y Fagerström, Karl-Olov (1991). The Fagerstrom Test for Nicotine Dependence: a revision of the Fagerstrom Tolerance Questionnaire. *British Journal of Addiction*, 86, 1119–1127.

Hooten, W. Michael, Ames, Steven C., Vickers, Kristin S., Hays, J. Taylor, Wolter, Troy D., Hurt, Richard D. y Offord, Kenneth P. (2005). Personality correlates related to to-

Ana López Durán, Carmela Martínez Vispo, Elena Fernández del Río, Úrsula Martínez Pradedo, Bárbara Piñeiro Neiro, Elisardo Becoña Iglesias

bacco abstinence following treatment. *International Journal of Psychiatry Medicine*, 35, 59–74.

Malouff, John M., Thorsteinsson, Einar B. y Schutte, Nicola S. (2006). The five-factor model of personality and smoking: a meta-analysis. *Journal of Drug and Education*, 36, 47–58.

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2013). Encuesta Nacional de Salud: ENSE 2011-2012. <http://www.msc.es/estadEstudios/estadisticas/encuestaNacional/encuesta2011.htm>

Montes, Agustín, Pérez-Ríos, Mónica y Gestal, Juan Jesús (2004). Impacto del tabaquismo sobre la mortalidad en España. *Adicciones*, 16 (supl. 2), 75-82.

Nerín, Isabel y Jané, Mireia (2007). *Libro blanco sobre mujeres y tabaco: Abordaje con una perspectiva de género*. Zaragoza: Comité para la Prevención del Tabaquismo y Ministerio de Sanidad y Consumo.

Nieva, Gemma, Valero, Sergi, Bruguera, Eugeni, Andiñón Óscar, Trasovares María Victoria, Gual, Antoni y Casas, Miquel (2011). The alternative five-factor model of personality, nicotine dependence and relapse after treatment for smoking cessation. *Addictive Behaviors*, 36, 965–971.

Pirie, Kirstin, Peto, Richard, Reeves, Gillian K., Green, Jane, Beral, Valerie y Million Women Study Collaborators (2013). The 21st century hazards of smoking and benefits of stopping: a prospective study of one million women in the UK. *The Lancet*, 381, 133-141.

Plan Nacional sobre Drogas (2015). *Encuesta sobre alcohol y drogas en España (EDADES)*. Recuperado de <http://www.pnsd.msc.es/Categoria2/observa/pdf/EDA-DES2013.pdf>

U. S. Department of Health and Human Services (2014). *The health consequences of smoking-50 years of progress. A report of the Surgeon General*. Rockville, MD: U. S. Department of Health and Human Services, Public Health Services, Office of the Surgeon General.

West, Robert, Hajek, Peter, Stead, Lindsay y Stapleton, John (2005). Outcome criteria in smoking cessation trials: Proposal for a common standard. *Addiction*, 100, 299-303.

La depresión en cuidadoras no profesionales gallegas: un estudio transversal¹

Vázquez González, Fernando Lino
Departamento de Psicología Clínica y Psicobiología
Universidad de Santiago de Compostela
fernandolino.vazquez@usc.es

Torres Iglesias, Ángela Juana
Departamento de Psiquiatría, Radiología y Salud Pública
Universidad de Santiago de Compostela
angelajuana.torres@usc.es

Blanco Seoane, Vanessa
Xuntos. Atención Psicológica y Psiquiátrica
Spin-off de la Universidad de Santiago de Compostela
vanessa.blanco@usc.es

Otero Otero, Patricia
Xuntos. Atención Psicológica y Psiquiátrica
Spin-off de la Universidad de Santiago de Compostela
patricia.otero@usc.es

Hermida García, Elisabet
Xuntos. Atención Psicológica y Psiquiátrica
Spin-off de la Universidad de Santiago de Compostela
elisabet.hermida@rai.usc.es

Resumen

El objetivo de este trabajo fue determinar la prevalencia de episodios de depresión mayor en cuidadoras no profesionales gallegas y su relación con las variables sociodemográficas. La muestra final quedó formada por 448 cuidadoras ($M_{\text{edad}} = 54.2$ años), y se evaluó la presencia de epi-

1. Nota: Esta investigación ha sido financiada por el Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales a través del proyecto 2007/PN017